

---

# PROGRAMACION XERAL ANUAL

## DEPARTAMENTO DE TECNOLOXIA

---

2024 - 2025





## Sumario

1.Introdución .....	2
2. Composición do departamento. ....	2
3. Obxectivos. ....	2
4. Reparto de tarefas e funcionamento por trimestre.....	4
5. Metodoloxía .....	5
6. Recursos .....	6
7.Avaliación.....	7
7.1 Avaliación inicial	
7	
7.2. Avaliación continua .....	7
7.3. Avaliación final.....	8
7.4. Avaliación extraordinaria .....	8
7.5. Recuperación e avaliación de pendentos. ....	9
8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	10
8.1. Medidas ordinarias.....	10
8. 2. Medidas extraordinarias .....	11
9. Actividades complementarias e extraescolares. ....	11
10. Proxecto Lector .....	11
11. Referencias normativas. ....	12

## 1. Introducción.

Programación Xeral do Departamento de Tecnoloxía do CPI Pl. Arquitecto Palacios.

O departamento de Tecnoloxía imparte as seguintes materias: 1º ESO a materia de Tecnoloxía e Dixitalización, 2º ESO a materia de Tecnoloxía e Dixitalización, 3º ESO a materia de Educación Dixital e en 4º ESO a materia de Tecnoloxía e Dixitalización. Nas materias do departamento seguiremos o currículo da LOMLOE e as programacións realizaranse na aplicación informática PROENS así como o seguemento das mesmas.

O departamento conta cunha profesora de Tecnoloxía.

## 2. Composición do departamento.

Materias asignadas ao profesorado e horas semanais:

Materia	Horas semanais
Tecnoloxía e Dixitalización 1º ESO-A	3
Tecnoloxía e Dixitalización 2º ESO-A	3
Tecnoloxía e Dixitalización 2º ESO-B	3
Educación Dixital 3º ESO	3
Tecnoloxía 4º ESO	3
Dixitalización 4º ESO	3
Xefatura de Departamento	1
Total de horas semanais	19

### 3. Obxectivos.

Os obxectivos da PXA do departamento de Tecnoloxía son:

- ➔ Elaborar as programacións didácticas e supervisar as mesmas, facendo un seguemento das mesmas mensual. Coordinarse co profesorado que imparte a materia afín.
- ➔ Elaborar a programación xeral anual do departamento.
- ➔ Avaliar periodicamente o grao de eficacia da programación.
- ➔ Coordinarse cos membros do departamento científico.
- ➔ Supervisar e controlar, taller de Tecnoloxía, materiais e ferramentas da aula taller, equipos informáticos e software necesario, etc.
- ➔ Promover a investigación educativa e a formación permanente, asistencia as xornadas de APETEGA (asociación do profesorado de tecnoloxía de Galiza) para estar ao día no departamento para o intercambio de experiencias con outros profesores de Tecnoloxía de Galiza.
- ➔ Información xeral sobre cursos, seminarios, congresos...
- ➔ Conseguir o máximo rendemento dos alumnos.
- ➔ Colaborar na detección e prevención de problemas de aprendizaxe. Aplicación de adaptacións curriculares.
- ➔ Organizar apoios, materiais de recuperación e avaliación do alumnado pendente.
- ➔ Atender as reclamacións e peticións dos alumnos.
- ➔ Elaborar o deseño de avaliación dos departamento de acordo co do Centro.
- ➔ Propoñer temas de interese e participar por medio do xefe de departamento, ou no departamento de Ciencias do centro, na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- ➔ Organizar y realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.
- ➔ Fomento do interese do alumnado pola Ciencia e pola Tecnoloxía especialmente o interese das rapazas. Para elo desenvolveranse as materias cunha metodoloxía amena e participativa, utilizando no posible as novas tecnoloxías das que dispón

o Centro e o taller de Tecnoloxía. Tamén se intentará traer a mulleres que impartan charlas divulgativas técnicas.

- ➔ Potenciación das finalidades educativas do C.P.I., e en particular, as relativas a unha maior sensibilización polos temas de saúde, consumo responsable e problemática ambiental, participación no programa de Generación Eco para crear unha conciencia sostible medioambientalmente no alumnado.
- ➔ Potenciación da elección das áreas de Tecnoloxía e TICs en 4º de ESO, pois o seu estudo facilita a adquisición de moitas das capacidades e competencias do currículo, e son un bo cemento para os estudos do bacharelato ou ben de ciclos formativos.
- ➔ Elaborar a final de curso unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica, a práctica docente e os resultados obtidos.

#### 4. Reparto de tarefas e funcionamento por trimestre.

O reparto de tarefas ao longo do curso será:

1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Elaboración das programacións didácticas e seguimento das mesmas.</li> <li>· Preparación da plataforma Moodle en E-Dixgal para 1º e 2º ESO e na aula virtual do centro para 3º e 4º ESO.</li> <li>· Preparación do taller de Tecnoloxía para a elaboración de proxectos.</li> <li>· Avaliación inicial do alumnado.</li> <li>· Elaboración do</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Preparación do taller de tecnoloxía para os proxectos.</li> <li>· Seguimento do alumnado pendente e preparación de proba de obxectiva.</li> <li>· Seguimento da programación.</li> <li>· Análise de resultados obtidos na 1ª avaliación.</li> <li>· Colaborar cos departamentos de Biblioteca e co Equipo de Dinamización da Lingua Galega para</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Preparación do taller de tecnoloxía para os proxectos.</li> <li>· Corrixir o material do alumnado pendente e elaborar a proba obxectiva para poder cualificalo.</li> <li>· Seguimento da programación.</li> <li>· Análise dos resultados obtidos na 2ª avaliación.</li> <li>· Avaliación extraordinaria do alumnado suspenso e plan de recuperación dos alumnados que</li> </ul>

<p>material de pendentes e seguimento das actividades programadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Organización e preparación das actividades complementarias e extraescolares.</li> <li>· Programar cursos de formación, anotarse a grupos de traballo ou actividades a realizar en colaboración con outros departamentos.</li> </ul>	<p>as actividades que se organizan nos mesmos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Seguimento, de ser co caso, das ACIs</li> <li>· Traballar no proxecto de Generación ECO</li> </ul>	<p>suspenderon a avaliación ordinaria.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Elaboración da memoria final de curso.</li> <li>· Informes do alumnado.</li> </ul>
---	--	--

## 5. Metodoloxía.

Os principios metodolóxicos serán:

- ★ Memorización comprensiva.
- ★ A busca de información, o cálculo, a planificación e a montaxe e construción dun obxecto seguindo a planificación previamente elaborada para pequenos proxectos.
- ★ Elaboración de sínteses: a presentación, oral e/ou escrita, de informes sobre ideas e solucións, favorecendo o debate e propiciando a argumentación e a achega de ideas.
- ★ Formulación de problemas abertos que admitan múltiples solucións para estimular a creatividade e para obter un conxunto de características técnicas do obxecto que se debe deseñar e /ou construír.
- ★ Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos.
- ★ Comentarios de textos, gráficos, mapas...
- ★ Resolución de problemas.

- ★ Estudo de casos (proxectos): A verificación de que as montaxes ou os obxectos cumpran as especificacións previstas, sexa mediante simples comprobacións do funcionamento, sexa coa realización de medidas en situación controladas.
- ★ Integraremos o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas ou medios que facilitan o traballo, non como un fin en si mesmas.
- ★ O seu emprego para reunir e presentar información, como ferramentas de deseño ou como simuladores, serán elementos de referencia durante todo o curso.

## 6. Recursos.

Contamos co taller de Tecnoloxía e co material, máquinas e ferramentas do mesmo, con dúas aulas de informática, as aulas contan cos programas necesarios e con conexión á rede internet.

Utilización de aulas por materias:

Materia	Aulas	Material
Tec-Dix 1º ESO-A	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Aula ordinaria e aula006 e 005 de informática.</li> <li>➤ Taller para realización de proxectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ PC portátil do proxecto abalar.</li> <li>➤ Programas da maqueta abalar e conexión á rede.</li> <li>➤ Material do taller de Tecnoloxía</li> <li>➤ Utilización da plataforma E-Dixgal.</li> </ul>
Tec-Dix 2º ESO-A		
Tec-Dix 2º ESO-B		
Educación Dixital 3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Aula Informática</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ PC de sobremesa e software instalados nos mesmos. Conexión á rede.</li> <li>➤ Utilización da aula virtual do centro.</li> </ul>
Tecnoloxía 4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Aula Informática 1 día á semana.</li> <li>➤ Aula taller de Tecnoloxía 2 días á</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ PC de sobremesa e software instalados nos mesmos. Conexión á rede.</li> </ul>

	semana.	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Utilización da aula virtual do centro.</li> <li>➤ Material da aula taller de Tecnoloxía.</li> </ul>
Dixitalización 4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Aula Informática</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ PC de sobremesa e software instalados nos mesmos. Conexión á rede.</li> <li>➤ Utilización da aula virtual do centro.</li> </ul>

## 7. Avaliación.

### 7.1. Avaliación inicial.

#### ⌘ Data prevista de realización

Realizarase en setembro ao comezo do curso escolar 2024-2025.

#### ⌘ Descrición do tipo de proba

Consistirá nunha proba de tipo test ou de preguntas de resposta corta ou ben mediante unha proba oral que permitirá comprobar os coñecementos previos do alumnado. Dita proba poderá ser realizada en papel ou nas plataformas Moodle (E-dixgal ou aula virtual).

#### ⌘ Mecanismo para informar ás familias

A familia será informada a través das entrevistas cos titores e coas titoras correspondentes a cada grupo.

#### ⌘ Consecuencias dos resultados da proba

Esta proba ten por obxecto adecuar o nivel de partida do proceso de ensino aprendizaxe. Isto permitirá detectar alumnado con necesidades educativas especiais, ademais de realizar a atención á diversidade nuns casos mediante reforzos e noutros mediante actividades de afondamento e ampliación.



## 7.2. Avaliación continua.

⌘ Faranse probas escritas individuais por avaliación e/ou probas realizadas no Moodle. As datas de realización destas probas serán comunicadas coa suficiente antelación na aula ou no Foro de Novas do Moodle, ou avisos.

⌘ Todas as probas e traballos individuais e colectivos poden ter distintos rangos de cualificación (distintos ao habitual de 0 a 10) en función da súa dificultade, tempo de execución, relevancia, etc., que será posta en coñecemento do alumnado previamente á súa realización.

⌘ As probas escritas individuais incluírán a cualificación de cada unha das súas partes, preguntas e/ou exercicios.

⌘ O hábito de traballo continuado, a participación nas clases, o interese demostrado en cada tema e o comportamento xeral. Esta observación será recollida no diario de clase do profesor.

⌘ Dado que nos boletíns figura unha nota sen decimais no caso de realizarse un redondeo farase de maneira que o decimal asimilárase ó enteiro superior se o seu valor é de 0.5 ou superior e ó anterior nos restantes casos. Exemplo: nota = 4.5 e nota redondeada = 5; nota = 4.4 e nota redondeada = 4.

⌘ Realízase unha proba escrita individual dentro do período de tempo correspondente á seguinte avaliación. A data desta será comunicada coa suficiente antelación.

⌘ Estándares que se van avaliar: de proceder, serían todos os especificados na táboa de estándares de aprendizaxe avaliábeis/Indicadores de logro, correspondentes á avaliación de que se trate, non só os pendentos de cada alumno ou alumna.

## 7.3. Avaliación final.

⌘ Alumnado que deberá realizar a avaliación final: Unha proba escrita será a avaliación final, para aquel alumnado e alumnas que non teñan demostrado acadar os estándares nin as competencias recollidas na programación didáctica de cada materia do departamento.

Se a docente detecta algún caso no cal o alumnado estivese copiando nalgunha das probas dalgún trimestre o resultado final da proba será cero, co cal deberá realizar o exame final da materia.

#### **7.4. Avaliación final.**

A proba de avaliación final, para aquel alumnado que non superou a avaliación continua, consistira nunha serie de cuestións teóricas ou resolución de problemas prácticos que intenten abarcar o maior numero de estándares de avaliación do curso susceptibles dunha proba escrita e limitada no tempo.

A data será na última semana do curso académico 2024-2025.

Cada unha das partes, preguntas ou exercicios contara coa súa valoración de xeito que o alumno aprobara a materia obtendo o 50% da valoración total proposta que corresponde a un 5 logo do redondeo. O criterio de redondeo será o mesmo que para a avaliación ordinaria.

#### **7.5. Recuperación e avaliación de pendentos.**

⌘ O alumnado con algunha materia impartida por este Departamento pendente dalgún curso anterior será orientado, seguido e avaliado polo Xefe de Departamento a través da realización dunha serie de boletíns de exercicios e dúas probas escritas segundo o calendario escolar que se entregará a principio do curso académico.

⌘ Avaliaranse as actividades propostas e que poden ser dixitais ou en papel. Neste caso o profesor encargado facilitaralle o material ao alumnado e este responsabilizarase de devolvelo, anotándose no mesmo e nese momento a data efectiva de entrega.

Cada actividade, tarefa ou foro ten unha data de entrega e unha valoración reflectida en puntos. Como medida de atención á diversidade facilítase a seguinte adaptación temporal nas entregas pero cunha certa penalización de xeito que a puntuación máxima será:

- 📅 Entrega puntual, 100% da cualificación asignada.

📅 Entrega cun retraso inferior a 8 días ou máis; 50 % da cualificación máxima asignada.

Como se calcula a cualificación final (ponderación, redondeos, etc.)

Como norma xeral seguirase o seguinte criterio:

- 50 % da cualificación correspondera a puntuación obtida das actividades entregadas.
- e o outro 50 % reservarase as probas escritas individuais, realizarase unha proba na semana do 5 ao 9 de febreiro e se non se supera outra proba na semana do 6 ao 10 de maio.

Para determinar a cualificación ordinaria de maio observarase a porcentaxe obtida respecto do total de realizacións (puntos) propostas ao longo do curso. Para aprobar a materia a porcentaxe debe ser como mínimo do 45 % que corresponde a unha nota redondeada de 5. Considerase un redondeo de maneira que o decimal asimilarse o enteiro superior se o seu valor e de 0.5 ou superior e o anterior nos restantes casos. Exemplo: nota = 4.5 e nota redondeada = 5; nota = 4.4 e nota redondeada = 4.

## 8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

### 8.1. Medidas ordinarias

- Organizativas: Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.

a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. A concretar logo da avaliación inicial, se procede.

b) Espazos diferenciados. A concretar logo da avaliación inicial, se procede. c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.

- Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.

- Fichas de reforzo en caso necesario, ao alumnado con maior dificultades.
- Non hai posibilidade de profesorado de apoio na aula.

Reforzo educativo e/ou apoio fora da aula a algún alumno.

- Reforzo nos recreos segundo dispoñibilidade do profesor.
- Atención por correo electrónico/mensaxería na plataforma Edixgal/Aula virtual.

- Medidas para o alumnado enviado á Aula de Convivencia, ou fora da aula.

Realización, tanto para ese momento como para casa, actividades relacionadas co tema que se estea a desenvolver nese momento na aula, ou que o profesor considere importante para continuar o bo desenvolvemento da clase no grupo aula.

- Curriculares:

- Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/a do grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. Estas adaptacións xa están contempladas como metodoloxías ordinarias para o grupo.

- Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. A concretar logo da avaliación inicial, se procede.

- Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.

A concretar logo da avaliación inicial do grupo se a xunta de avaliación.

## 8. 2. Medidas extraordinarias

- Organizativas:

- Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL. A concretar logo da avaliación inicial do grupo pola xunta de avaliación.

- De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). Non esta contemplada esta medida neste nivel.

- Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. Organizaranse segundo necesidades e características do alumnado.

- Curriculares:

- Adaptacións curriculares na materia.

A concretar logo da avaliación inicial, se procede.

- De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.

Non se contempla para esta materia.

- Alumnado con flexibilización na escolarización.

A concretar logo da avaliación inicial, se procede.

## 9. Actividades complementarias e extraescolares.

Proponse a realización de dúas charlas de expertos.

Visita formativa ao museo de conservas ANFACO en Vigo así como visitas a CIFP, de ser posible.

## 10. Proxecto Lector.

Como contribución ao proxecto lector do centro, será potenciada a lectura de textos relacionados coa materia a impartir, aproveitando diversas fontes de recursos: artigos de prensa, libros, revistas temáticas, internet... Haberá ocasións en que sexa o profesor quen lea para o alumnado, e outras en que os propios alumnos e alumnas lean para os seus compañeiros. Tras a lectura abrirase un tempo de debate, discusión ou crítica acerca do tema, traballando tamén así a comprensión e expresión oral, o respecto polas opinións alleas, a defensa das ideas propias, etc.

Tamén se respectará a hora de lectura, cando coincida na hora de clase nalgunha das materias do departamento.

Neste curso académico traballaremos no proxecto “Prensa Escola” co alumnado de 1º e 2º de ESO na materia de Tecnoloxía e Dixitalización na procura de noticias Tecnolóxicas e Dixitais.

## 11. Referencias normativas.

- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.
- Orden 25 de xaneiro de 2022, actualización da normativa de avaliación de EP, ESO e BAC.

- Orde 8 setembro de 2021 atención á diversidade.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza (DOG do 29).
- ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- RESOLUCIÓN do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto

86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Normativa de desenvolvemento da LOMCE en Galicia, portal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Protocolo de Protección de Datos.

Programación revisada e aprobada pola docente:

Consuelo Fernández González

Nigrán, a 12 de setembro de 2024